



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Abril 2025 • Nº 299



ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

CHEGA 700

■ Proximamente terá lugar a activación da rede móbil de nova xeración no noso concello.

Se tedes algún problema para visualizar os canais da TDT podedes poñervos en contacto nas seguintes direccións o antes posible:

- Contacto enderezo electrónico: ayuda@llega700.es
- Teléfono: 900 833 999.



REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos farois led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.

CONTINÚA A INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Benefíciate deste servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra.

DATA EN ABRIL:
O MARTES 15.

Obrigatorio asistir con reserva da cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).



IMPORTANTE:

Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

SABÍAS QUE...

■ O CONCELLO DE VEDRA DESTINOU NO ANO 2024 118.920,38€ DE FONDOS PROPIOS PARA A EIM MUNICIPAL (GARDERÍA)

O servizo de gardería de Vedra conta con catro aulas e oito profesionais que fan real a conciliación para moitas familias con menores de 0 a 3 anos, con servizo de comedor e quendas de mañá e tarde.

Esta aposta pública supuxo no ano 2024 uns gastos totais de 208.425,23 € dos que a Xunta de Galicia ingresou 28.000 € en concepto de financiamento para o seu funcionamento e mantemento e 45.835,83 € en concepto de financiamento pola compensación de gratuidade. En concepto de taxas polos servizos que inclúe a escola infantil (comedor e outros) as familias ingresaron un total de 15.669,02 €

Deste xeito as arcas municipais aportaron 118.920,38 €.





Obradoiro de xabóns e aceite de camelia, dentro da programación das XXIX Xornadas arredor da Camelia.



Programa "Camiños de Coñecemento e Experiencia" da USC.



Excursión a Cuenca da terceira idade.



Vedra participou da Campaña Neve 2025 da Deputación da Coruña.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Entroido de Xenerais da Ulla na parroquia de San Xián o sábado 8 de marzo.



Entroido de Xenerais da Ulla na parroquia de Trobe o domingo 9 de marzo.



X Duatlón Concello de Vedra por equipos co Club Olímpico.



Teatrofilia 2025 da A. C. Papaventos, con ata nove sesións no mes de marzo e outras tres que se levarán a cabo en abril.



III Feira da Filloa en Ponte Ulla.



Charla da Escola de Familias do CPI de Vedra sobre acompañamento na práctica do deporte.



Charla informativa sobre o impacto do viñedo industrial en Vedra do colectivo "Defensa Ulla Verde".



Unha das actividades da Asociación O Burgo.

Voluntariado

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

■ Está dirixido a **mozos e mozas de 16 a 35 anos** e **persoas maiores de 55 anos**. A acción voluntaria realízase por parellas, é dicir un mozo/a e un/ha maior. É un programa que busca unha achega social e comunitaria importante para o territorio.



Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as achegas das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.
- Promover accións entre xeracións que fomenten a relación entre distintas xeracións e o intercambio de coñecementos.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

nial, cultural e social.

Consta de tres liñas de acción:

- **LIÑA TURÍSTICA:** Memoria viva: mostra de arquitectura, ruta arqueolóxica.
- **LIÑA AGROALIMENTARIA:** Froitos da terra: cemeia e vide.
- **LIÑA DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE:** O Ulla vivo.

Conta co apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: *proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025.*

Anímate a participar!, chama ao 981 814 695 ou envía un correo a voluntariado@concellodevedra.gal



ARQUITECTURA + CULTURA

MARCO

MOSTRA de ARQUITECTURA RURAL



Co patrono do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

M.A.R.C.O. *PRETENDE MOVER OS "MARCOS"*, é *ACHEGAR A ARQUITECTURA Á XENTE*.

O obxectivo principal da mostra é romper coa barreira que distancia a Arquitectura dos seus beneficiari@s, e trasladar a importancia desta no desenvolvemento social, recuperando a confianza na disciplina como axente configurador de cidades e pobos, contornas e paisaxes, espazos habitables; e, en definitiva, da calidade de vida das persoas.

M.A.R.C.O. *ENCADRA COMA UN "MARCO"*, ao conxunto das "9 ARTES" sobre as que **ARQUITECTURA** exerce de **NEXO COMÚN**. Acóllense as diferentes disciplinas creativas cun obxectivo de diálogo e conxunción entre todas elas. Dalgún xeito, a Arquitectura e as Artes xogan un papel de relevancia na transmisión dos valores culturais, históricos e sociais de cada comunidade. Integralas directamente na vida cotiá e que a xente sexa participe, é fundamental e necesario.

M.A.R.C.O. *DESENVÓLESE NUN "MARCO"* natural e tradicional, cuxo fundamento é a **POSTA EN VALOR DO RURAL**.

Trata de exaltar as características propias da paisaxe, da arquitectura local e das dinámicas socio-culturais das aldeas; buscando a revalorización e a conservación do patrimonio construído e etnográfico, un desenvolvemento sostible e orgánico e, por suposto, a participación veciñal.

M.A.R.C.O. ...é **M.OSTRA**, e propón EXPOSICIÓNS, ACTUACIÓNS, OBRADOIROS e CONVERSAS nos eidos da ARQUITECTURA, ESCULTURA, PINTURA, DANZA, MÚSICA, LITERATURA, CINE, FOTOGRAFÍA, ILUSTRACIÓN; ...é **A.RQUITECTURA**, e expón exemplos de arquitectura a través da ruta de visitas a vivendas de Vedra "O MELLOR DE CADA CASA"; ...é **R.URAL**, e está presente e mostrando o seu xeito de vida a través de todas as accións do festival; ...é **CO.BERTOS**, construcións de aldea por excelencia, que acollerán as actividades;... é **CO.PERACIÓN**, como xeito de vida que se basea na participación comunitaria da veciñanza, visitantes, profesionais, curiosos,...; é **CO.RELACIÓN**, e intégrase dentro do PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL de VEDRA.

09 MAIO | VENRES POLA TARDE | ZONA SARANDÓN |

O_CO.BERTO: CAMPO DA FESTA DE SAN MAMEDE DE RIBADULLA

A NATUREZA: BIOCONSTRUCCIÓN e ENERXÍA

RUTA: "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaPALLA / casaCÁNABO / casaDESCONECTADA

TARDEO: +OBRADOIROS CONSTRUCCIÓN PARA NEN@S / XARDINERÍA / FOTOGRAFÍA SERÁN: @CONVERSA PARTICIPATIVA: "A NAI-PAI-SAXE"

&ACTUACIÓNS CONTOS DENDE A ARQUITECTURA &CONCERTO MÚSICAS DE RAÍZ

10 MAIO | SÁBADO POLA TARDE | ZONA RIBADULLA |

O_CO.BERTO: ESTACIÓN DO TREN DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

REHABILITACIÓN, as 3R'S: REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN, RECICLAXE

RUTA: "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaEIRAGUNDIÁN / casaAPONTE / casaDELLANO / ESTACIÓN

TARDEO: +OBRADOIROS CONSTRUCCIÓN PARA NEN@S / PRODUTO / GRAFFITI SERÁN: @CONVERSA "TODOS A UNHA. A OBRA E OS OFICIOS"

&ACCIÓNS AS LETRAS GALEGAS. A POESÍA POPULAR ORAL &CONCERTO MÚSICA DA TRADICIÓN

11 MAIO | DOMINGO POLA MAÑÁN | ZONA SALES |

O_CO.BERTO: CAMPO DA FESTA DE SAN FINS DE SALES

O MODERNO: ESTÉTICA E PREFABRICACIÓN

RUTA: "O MELLOR DE CADA CASA" #VISITAS + CHARLAS casaPREFABRICADA / casaKORA / casaREY / casaSANFINS

MAÑANCIÑA: +OBRADOIROS CONSTRUCCIÓN PARA NEN@S / DEBUXO / FOTOGRAFÍA VERMÚ: &ACTUACIÓNS OS TRES PORQUIÑOS DE VEDRA

&ACTUACIÓNS CONTOS DENDE A ARQUITECTURA &CONCERTO MÚSICA CON.TEMPO

TÓDOLOS DÍAS &OCIO XOGOS ARQUITECTÓNICOS &EXPOS ARQUITECTURA e ARTES
&TABERNA CANTINA + GASTRONOMÍA TAPAS ARQUITECTÓNICAS

PREINSCRICIÓNS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2025

■ Co obxectivo de facilitarlle á rapazada a participación en actividades sociais, educativas, deportivas e de tempo libre, o concello de Vedra oferta as prazas para os Campamentos de Verán 2025 en colaboración co concello de Boqueixón.

Minicampamento de aventura

- **Datas:** do 30 xuño ao 3 de xullo (4 días, 3 noites).
- **Destinatarios/as:** nados/as: 2014, 2015 e 2016.

Campamento de mar

- **Datas:** do 22 ao 29 de xuño (8 días, 7 noites).
- **Destinatarios/as:** nados/as: 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014.

Campamento xuvenil - Viaxe do Verán (Información dispoñible proximamente).

Inscripción previa:

Realizarase do 21 ao 30 de abril en www.concellodevedra.gal



Deporte

SENDEIRISMO. NOVA ETAPA O SÁBADO 12 DE ABRIL

■ **Percorrido:** Dende Salvaterra do Miño a Ponteareas.

Ollo aos horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas
- Parada no Breixo ás 07:45 horas
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas



Inscricións e información antes do 10 de abril (ou ata que se esgoten as prazas) no teléfono 981 814 691.

Emigración

GALICIA RETORNA 2023-2026 CHEGA A VEDRA

■ O Programa da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia ofrece un servizo de oficina itinerante de atención ás persoas retornadas.

- **UNIDADE MÓBIL DIANTE DA CASA DO CONCELO O MÉRCORES 9 DE ABRIL DE 9:00 A 14:00 H.**
- **INSCRIPCIÓN PREVIA NO 900 102 380.**

BENVIDOS A GALICIA

Oficina Móbil **RETORNO**

900 102 380

www.emigracion.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado por la Unión Europea

Fondos Europeos



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE NO MES DE ABRIL

■ Bingo

Xoves 10 de abril ás 20:00 h.

Charla impartida pola Garda Civil: "Plan maior de seguridade": a seguridade na rúa, na casa, no banco, nas viaxes, a través de internet...

Martes 22 de abril ás 20:00 h.

■ Circuíto termal nas Termas de Outariz

Luns 28 de abril.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 14 de abril ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición).

■ XXXII ROMARÍA DA TERCEIRA IDADE DE VEDRA

Sábado 10 de maio ás 12:30 h. na contorna do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.



Entroido municipal da terceira idade.

Programa: Misa, actuación musical de Marietta e xantar de confraternidade.

Menú tradicional: empanada, polbo, carne ao caldeiro, sobremesa, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode

participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Prezo: 20 € por participante. Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h.

Prazo de reservas aberto do 22 de abril ao 7 de maio.

OLLO!! ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A VENRES DE 17:00 A 21:00 H.

LUDOTECA MUNICIPAL EN ABRIL

■ O mes de abril continuamos a nosa aventura en México con actividades centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles ás persoas participantes a convivir coas outras, a ser persoas cunha mirada crítica, trataremos de informarlles sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo das persoas participantes.

Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- Vacacións de Semana Santa. Gran xogo de busca de ovos de Pascua
- Xogando en valores: Contacontos
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: "xogos na Galicia"
- Superchef: Rosca de Pascua.
- Xogos do Mundo

Horario: de luns a venres de 14:30 a 20:00 h.

Horario da Ludoteca en Semana Santa:

De luns a venres (agás festivos) de 08:30 a 14:30 h.

■ ...E EN MAIO ABRE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR DA LUDOTECA DE VERÁN

Como todos os anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

O prazo de presentación de solicitudes: do 01 ao 31 de maio de 2025, ambos incluídos. As prazas son limitadas. Lugares de presentación de solicitudes:

- Sede Electrónica.
- Presencialmente: PREVIA CITA (981 814 693) no rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

O modelo de solicitude estará a disposición na páxina web do concello. Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal.



Muller

FACEMOS REPASO DO QUE FOI A PROGRAMACIÓN DO “VEDRA É MULLER” REALIZADA POLA ÁREA DE MULLER

■ 8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O acto *Vedra é Muller* este ano recaeu nas Mulleres da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, e na súa representación como pioneiras e referentes recolleron a distinción: Belén Rey Iglesias, Irene Rodríguez Ferradáns, Laura Lema Nebra, Cristina Lema Nebra, Chus Iglesias Fernández, Eva Álvarez Pereira e Raquel Cutrín Carbia pola súa dedicación á música.

Aproximadamente, hai 30 anos, estas mulleres comezaron a incorporarse á banda de música. Naquela década este mundo era maioritariamente masculino e aquelas nenas que comezaron a engadirse á banda non o tiñan demasiado fácil, pois aínda as mulleres non eran recoñecidas en moitos actos da sociedade, sobre todo culturais e de traballo.

Co apoio das súas familias especialmente dos seus pais comezaron a romper moldes neste aspecto e iso supuxo algúns cambios, como por exemplo o de levar saias no

uniforme. Os tempos foron cambiando e o uniforme tamén. Actualmente, a banda de música de Santa Cruz de Ribadulla participan ao 50% homes e mulleres.

Outórgaselles este recoñecemento “Vedra é Muller” a todas estas mulleres que abriron camiño e con iso



Entrevista en Radio Líder coa concelleira de Servizos Sociais, Susana Lema e unha das primeiras mulleres da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, Irene Rodríguez Ferradáns, on motivo da programación municipal polo 8M dende a Área de Muller e Igualdade.

Continúa na páxina 8



tentar que a historia non deixe de lado este período no que puxeron o seu gran de area e que grazas a iso a banda de música de Santa Cruz de Ribadulla seguiu medrando, sen deixar de reivindicar a necesidade de romper teitos de cristal en canto á participación das mulleres na música como compositoras ou directoras. Elas forman parte deste mundo e hoxe queremos darlle visibilidade como merecen e agradecerlles o seu traballo. GRAZAS!

■ ANDAINA NO CAMIÑO DA IGUALDADE

Este ano a andaina transcorreu en 12 km na beira do río Ulla, co obxectivo de sensibilizar e concienciar sobre a necesidade que existe de vivir nunha sociedade máis inclusiva, igualitaria e máis xusta. Desenvolveuse a través de distintas teatralizacións a historia das mulleres dende a actualidade ata as referentes de séculos pasados, a través de personaxes cotiás (labrega, lavandeira..) invitando á reflexión sobre como evolucionou a situación das mulleres na sociedade e as condicións que precisamos para conseguir a igualdade real entre homes e mulleres.



■ CAMPAÑA NÓS FACEMOS HISTORIA AQUÍ E AGORA. MULLERES EN VEDRA

No mes de marzo publicouse en redes cada día do mes a unha muller ou colectivo de mulleres no concello de Vedra facendo visible as súas historias, proxectos e percorridos vitais diferentes para representar a diversidade de mulleres e poñer en valor o papel inquestionable que somos no noso concello.

Podes visitar as nosas redes ou o "collage" que lucirá na web municipal a partir do 1 de abril.

AXENDA DE ACTIVIDADES PARA O MES DE ABRIL...

■ ESPECTÁCULO TEATRAL "GOLPES" O VENRES 11 DE ABRIL

Pamela é unha moza que vén de sufrir violencia machista. Pamela expón como foi entrando, nese círculo, e cuestiona como en España todo segue a ser desigual para homes e mulleres.



Pamela recibiu moitos GOLPES, pero o máis grande foi verse a si mesma mudada noutra persoa, por iso quere compartir as súas experiencias vitais, para que ningunha outra muller pase por onde foi golpeada.

GOLPES é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus soños, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir. Tratando e previndo a desigualdade dende onde nacen as relacións (a adolescencia)

GOLPES é un espectáculo directo, próximo, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos de dramaturxia ou de escenografía. Apoia só no "savoir faire" da actriz, quen incorpora múltiples personaxes diante dos nosos ollos.

Aberta ao público xeral, O VENRES 11 DE ABRIL no Centro Social de Vedra ás 20:00 h. ENTRADA DE BALDE.

■ OBRADOIRO FORMATIVO EU SON PUNTO VIOLETA. O 25 DE ABRIL NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN ÁS 19:00 H.

Dirixido a persoas voluntarias para colaborar nos puntos violetas nas festas do concello de Vedra. As violencias machistas están presentes na vida das mulleres como parte da cultura de lecer da sociedade patriarcal na que vivimos, sendo moitas delas percibidas como normais e inevitables por unha parte da poboación.

Propoñemos esta formación para colaborar nos puntos violetas. Formaremos en recursos tanto materiais como humanos necesarios, así como as pautas de actuación das persoas que se atopen nestes puntos. Pretendemos responder á necesidade de sensibilizar, concienciar e formar aos membros da comunidade sobre a violencia sexual, sobre a súa

Continúa na páxina 9

prevención e sobre a atención de persoas en situacións de calquera tipo de violencia sexual.

Estableceranse as pautas de actuación das persoas que colaborarán cos puntos violeta en tres eixos fundamentais: prevención, sensibilización e intervención.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal nos teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 h.



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

Medio Ambiente

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA. EN VEDRA RESIDUOS KMCERO

Este proxecto pretende chegar a todos os domicilios vedreses que contengan un terreo para a práctica da compostaxe doméstica, promovendo así a mellora da separación selectiva dos biorresiduos e a súa reutilización como recurso para alimentar os nosos solos.



da veciñanza os medios materiais e humanos necesarios para realizar unha compostaxe de calidade.

Se tes interese en comezar a compostar podes solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal indicando os teus datos (nome completo, DNI, dirección, teléfono e correo electrónico), amais recibirás:

- **Formación** específica en compostaxe.
- **Seguimento** personalizado realizado por un/ha mestre/a composteiro/a.
- **Asesoramento** profesional a través do teléfono da compostaxe (*dispoñible para persoas usuarias do proxecto, de luns a venres de 16:00 a 20:00 horas*).

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con **RESIDUOS KMCERO**.



Dende o concello de Vedra queremos chegar a todas as familias do municipio, por iso pomos á disposición

LOITA CONTRA A VELUTINA

INFORMACIÓN SOBRE CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



Concello de Vedra

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



Se atopas un niño de velutina
chama ao 012

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.




ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

CENTRO DE EMPREDEMENTO A ESTACIÓN

A ESTACION
CENTRO DE EMPREDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2025

CURSO ONLINE DE FIXACIÓN DE PREZOS

Venres 4 de abril, de 11 a 12 horas

Os prezos que marco polos meus produtos ou servizos son adecuados? Estou valorando adecuadamente o meu traballo?

Estou tendo en consideración todos os custes que xera o meu negocio? Que custes fixos e variables teño?

Que relación hai entre os meus prezos, a miña marca e a miña estratexia de comunicación?

En colaboración con
Creativas Galegas



Precio: Gratuito. Duración: 1 hora. Máximo 10 prazos.
Información e inscricións no tfno. 667 905 330 ou en aestacion@concellodevedra.gal



NOVA EDICIÓN CURSOS AULA CEMIT

NOVA EDICIÓN CURSOS DE AULA CEMIT

MANEXO DE MÓBIL E ORDENADOR

2 GRUPOS.
NIVEL BÁSICO (10:00-11:00)
E INTERMEDIO (11:15-12:15)

FERRAMENTAS ORDENADOR APLICACIÓN SEGURIDADE INFORMÁTICA CREACIÓN AUDIOVISUAL

LUNS
MÓBIL: 7, 21, 28 DE ABRIL E 5, 12 DE MAIO
ORDENADOR: 19 E 26 DE MAIO E 2, 9 E 16 DE XUÑO

INSCRICIÓN
ATA O 3 DE ABRIL DO 2025

INICIO 07.04.2025
10€ CURSO 981814691
cultura@concellodevedra.gal
Departamento de Cultura

Iniciativas das Asociacións

TEATROFILIA 2025.

XX Mostra de Teatro Amador de Vedra coa Asociación Cultural Papaventos

- **Lugar:** Centro Social de Vedra.
- Prezos:** Entrada por función a 3 €. Bonos para todas as funcións 10 €.
- Cativada menor de 12 anos gratis.

PROGRAMA:

4ª fin de semana: 4 e 5 de abril

- Venres, 4/abr ás 21:30 h.: "O latricar de Vedra" (+12). Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.
- Sábado, 5/abr ás 20:30 h.: "Croquetas" (TP) Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos).

*Dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

A hora fixada no cartel é a de comezo da función. As portas abranse 15 minutos antes.

Teatrofilia 2025
XX Mostra de Teatro Amador de Vedra

ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

- Comparte a programación das súas vindeiras actividades:
 - EXCURSIÓN Á FEIRA DE PONTE DE LIMA (Portugal). O luns 7 de abril.
 - EXCURSIÓN A CANTABRIA. Do 1 ao 4 de maio.

Teléfono de contacto para máis información e inscricións: 639 811 666.

EXCURSIÓN A SEADUR COA A. C. SAN CAMPIO O SÁBADO 19 DE ABRIL

- Á XX Edición As Covas de Seadur.

- **Lugar de saída:** Campo da Festa de Sarandón.
- **Hora de saída:** 14:00 h.
- **Hora de regreso:** 00:00 h.
- **Precio maiores de 12 anos:** SOCIOS 30 € / NON SOCIOS 40 € (inclúe bus + entrada).
- **Precio nenos ata 12 anos:** SOCIOS 15 € / NON SOCIOS 20 € (inclúe bus + entrada).



Inscricións ata o xoves 10 de abril de 2025 por WhatsApp no teléfono 642 079 012.

XLIII EXALTACIÓN DA FESTA DO VIÑO DA ULLA 2025 O 5 E 6 DE ABRIL EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

■ Un importante escaparate para un produto como o viño, que conta cun papel clave na socioeconomía da Ribeira do Ulla, tanto co propio produto como co enoturismo que xira ao seu arredor.

Toda a información sobre a súa completa programación na web festadovinodaulla.com

XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO
XLIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA - 2025
Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

Mércores 3 de abril ás 20:00 h.:
Conferencia:
"Proxecto FERVIÑA. Influencia da fertilidade do viñado nos rendementos e o equilibrio dos mostos en Rías Baixas"
Intervén: **Juan Carlos Vázquez Abal**
Técnico da Estación de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia. AGACAL - EVEGA

Xoves 3 de abril ás 17:00 h.:
Saída de campo: Visita á adega Paco&Lola.
Coñecemento do seu proxecto vitivinícola.

Venres 4 de abril ás 20:00 h.:
Harmonía: viño e tapas
Cata comentada.
Intervén: **Nuria Cid**
(Profesora de enoloxía do Centro Superior de Hostelería de Galicia)
José Manuel Mallón
(Chef galardonado co 1º premio no concurso San Sebastián Gastronómico - coa súa tapa de peixe, e Embaixador de Experiencias de Calidade de Galicia)
Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Mais información e inscricións: 981 854 699 ou 639 309 958 - Prazas limitadas

III RUTA MOTOTURÍSTICA
POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

SÁBADO 5 ABRIL 2025

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón
Vedra ás 16:00 h.

Visita a unha adega cata - degustación

Inscrición: donativo 5€/persoa

Prazas limitadas

Mais información e inscricións: 659 220 456 - 639 309 958 INSCRIPCIONES POR WHATSAPP

III RUTA DE COCHES ANTIGOS
POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

DOMINGO 6 ABRIL 2025

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón
Vedra ás 11:00 h.

Visita a unha adega cata - degustación

Inscrición: donativo 10€/persoa

Prazas limitadas

Mais información e inscricións: 659 677 631 INSCRIPCIONES POR WHATSAPP

XLIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
5 E 6 ABRIL 2025
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA

SÁBADO 5 DE ABRIL

Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) **12:00 h.**

VII CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público

16:00 h.

RUTA MOTOTURÍSTICA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA (Motoclub Val do Ulla)

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **18:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA**

18:30-21:30 h.

CATAS COMENTADAS

19:00-22:00 h.

HARMONÍA: VIÑO-TAPAS
FOODTRUCKS GALICIA SABE A MAR (Degustación de tapas de produtos do mar)

Viño Tradicional: Música e baile **19:00 h.**

A.C. San Campio (Vedra)
A.C. Mestre Manuel Gacio (Boqueixón)
Centro Cultural A Ponte Vella (Teo)
Grupo de baile moderno da A.C. San Campio (Vedra)

Viño Son: **22:00 h.**

OS JOHN DEERES THE RAPANTS
DISCO MOVIL CHOCOLATE

DOMINGO 6 DE ABRIL

11:00 h.

RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **12:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA**

12:30-14:30 h.

HARMONÍA: VIÑO-TAPAS (Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)

12:30 h.

CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA

13:15 h.

Saúda do **Alcalde do Concello de Vedra**

PREGÓN a cargo de **Mª José Gómez Rodríguez**, Conselleira do Medio Rural

Nomeamento dos novos membros da **"Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla"**

Entrega de premios da **VII Cata concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla**

14:00 h.

A REQUINTA DE LAMPAI

15:00 h.

CHARANGA OS ATREVIDOS

17:00 h.

GRUPO DE MÚSICA E BAILE CANTIGAS E AGARIMOS

Viño Son: **19:00 h.**

ORQUESTRA PARÍS DE NOIA

PULPEIROS • ATRACCIÓN INFANTÍS • AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovinodaulla.com

XLIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA

MOSTRADOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA
(ARTESANÍA ALIMENTARIA - TURISMO)

SÁBADO 5 DE ABRIL | DE 18:00 A 22:00 H.
DOMINGO 6 DE ABRIL | DE 12:00 A 22:00 H.

DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS GASTRONÓMICOS DOS CONCELLOS DA RIBEIRA DO ULLA

DOMINGO 6 DE ABRIL | DE 12:30 A 14:30 H.

CATAS COMENTADAS
SÁBADO 5 DE ABRIL
CASA DA CULTURA DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN

Dirixidas polas **adegas participantes**, coa intervención de **Nacho Costoya Eyo** (Sumiller)

18:30 h.			
MAR DE ENVERO	GÓMEZ E BIAL	PAZO VEDROIA	CHOUZAL

19:30 h.			
ADEGA VALDÉS	BARALLORRE	CASA DO SOL	ADEGA CHAOS

20:45 h.			
PAZO ARRETEEN	ADEGA MARÍA MANUELA	CASTRO BREY	LAGAR DE BENDARA

Mais información e inscricións: www.festadovinodaulla.com - 981 854 699 - 639 309 958



E EN MAIO...

XXXV FESTA DA ORELLA EN SAN FINS O DOMINGO 4 DE MAIO

■ Se as condicións meteorolóxicas así o permiten, a comisión de Festexos de San Fins celebrará a trixésimo quinta edición da xa tradicional festa da Orella.

A partir das 13:00 horas e tras o pregón de inauguración, haberá actuacións musicais para amenizar toda a xornada.

Poderedes degustar orella de porco e tamén doce a prezos populares, así como algún petisco máis.

Tamén haberá polbeiro.

En breve empezaredes a ver os carteis coa programación, así que recordade, apuntádevos ao "tardeo" en San Fins na festa da Orella.

Non faltedes!



A XANELA DA LINGUA...

VOLVE ESTE ESPAZO DEDICADO Á POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DA NOSA LINGUA

■ Faino coa presentación da app do vocabulario tradicional de Vedra "Bótame un capio", unha ferramenta posta en marcha pola daquela mestra de lingua e literatura galega do CPI de Vedra, Xulia Marqués e por José Mejuto, pai dun dos estudantes, alá polo 2019.

A finalidade desta app foi a de recuperar parte dun vocabulario tradicional de Vedra e da comar-



ca da Ulla que non forma parte dos dicionarios ou que presenta acepcións distintas ás que estes inclúen.

Pois ben, na actualidade "Bótame un Capio" vén nomeado nun documento de traballo nada máis e nada menos que da Unesco (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura).

Parabéns pola iniciativa e polo recoñecemento da Unesco.

https://ich.unesco.org/doc/src/LHE-23-18.COM-INF.7.c_EN.docx (páxina 53)



XUNTA
DE GALICIA

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS